

CORAL POLIFÓNICA DE CHANTADA

MARIA SI VAS

O CUCO

A RUADA DE CHAMOSA

O VIÑO DE CHANTADA

A PANDEIRADA DA CHUVIA

CORO GALEGO SANTA COMBA DE VEIGUE (SADA)

FOLIADA DA CANTIGA MAREIRA

PANDEIRADA DE CAIÓN

FOLIADA AS MIÑAS COUSAS

PANDEIRADA DE LAXE

FOLIADA DO CHISQUIRRISCHÍS

MANEO CANTAREIRA E FEITICEIRA

MUIÑEIRA RIBEIRANA DE VIGO

CORO DA ASOC. MÚSICO CRISANTO RÁBADE-BEGONTE-OUTEIRO

COMPAÑEIRA

DO MAR POLA ORELA

BULLERENGUE

CORO DE BARQUILLEROS

CORO DE DOCTORES

DÓNDE ESTARÁN NUESTROS MOZOS

CONXUNTAMENTE

O VOSO GALO COMADRE

Escolas Municipais de Música



I ENCONTRO DE CORAIS

CASA DA CULTURA DE OUTEIRO DE REI
DOMINGO, 25 DE XUÑO ÁS 20:00 H

ESCOLAS
MUNICIPAIS DE
MÚSICA



Concello de
Begonte



Concello de
Outeiro de Rei

CORAL POLIFÓNICA DE CHANTADA.



O seu director é Marcos Fernández Varela.

A Coral Polifónica de Chantada, ten 50 anos de existencia. Foi fundada por varios veciños amigos do canto. Sempre contou con moi bo nome no pobo. Fixo concertos en todas as capitais da rexion galega e asturiana e tamen en pasadas ocasións en Portugal. Actuou en case todos os concellos que teñen corais na nosa rexión. Gravou una cinta de cancións e un disco. Colaborou con Andrés do Barro na canción Adeus, Adeus.

Actualmente conta con 32 coralistas. Fai unas doce actuacións cada ano.

CORO GALEGO SANTA COMBA DE VEIGUE (SADA)



tornos.

As actuacións máis relevantes nestes anos celebráronse en localidades como Sada, Sobrado dos Monxes Iñás, Abegondo, Oleiros, Mera, Dexo, Perillo, Ribadeo, Lugo, A Coruña, Dorneda, Vigo e na propia parroquia de Veigue, asimesmo parte dos compoñentes do grupo participaron na Expo de Zaragoza, acompañando ó grupo Os Gaiteiriños da Coruña.

Dende o ano 2013, organiza dous Festivais “Camiño ó Verán” e “Camiño ó Inverno”, coa intención de revitalizar, dinamizar, impulsar e poñer en valor duas épocas do ano na que a actividade cultural-musical e máis reducida, pretendendo con elo, e perdurando no tempo, que sexa un referente de auténtica calidade deste Concello pra toda Galicia.

O seu Director é dende a súa fundación Antón Fernández Riveiro, e que dende o ano 2016, ostenta tamén presidencia da entidade.

CORO DA ASOCIACIÓN MÚSICO CRISANTO

RÁBADE-BEGONTE-OUTEIRO



A historia desta Escola e o Coro, polo seu breve percorrido, non ten aínda unha significativa vida musical que relatar. A orixe certa destas remóntase ó 17 de setembro de 2007, cando a Corporación Municipal do Concello de Rábade, presidida por Francisco Xosé Fernández Montes, deposita toda a súa ilusión cultural musical nun ambicioso proxecto de Centro Educativo Musical aberto a toda a sociedade rabadense e a súa contorna. Deseñado polo profesor de música Armando Morales, asúmese a súa posta en marcha pese ó adverso contexto socioeconómico. Nace así a Escola Municipal de Música, con apenas unha decena de alumnos e un só profesor (o pro-

prio director do proxecto). Nos cursos seguintes, baseándose nunha formación de calidade, impartida por docentes especializados, veu incrementándose de xeito chamativo o volume do capital humano implicado neste proxecto educativo musical, ata chegar ós 206 alumnos e 25 profesores da actualidade. Froito dese traballo emocionante, apuntoado pola forte convicción dos principais axentes coordinados, Áreas de Cultura dos Concellos de Rábade, Begonte e Outeiro de Rei, Claustro de profesores e os Pais de alumnos e veciños a través da Asoc. “Músico Crisanto”; xurdiron agrupacións de moi diversos estilos; entre eles, o Coro. En marzo de 2013 adheríase con plena implicación o Concello de Begonte, asinando o seu alcalde José Ulla Rocha e o citado Francisco X. Fernández Montes un innovador convenio de colaboración que sustentaba un sólido proxecto cultural musical común, recaendo a xestión administrativa do proxecto global na Asoc. Musico Crisanto, presidida dende a súa fundación por Pablo Rábade. Coa incorporación do Concello de Outeiro de Rei, ratificada o 14 de setembro de 2015, coa firma do seu alcalde José Pardo Lombao veu a consolidarse un Proxecto Musical Mancomunado pioneiro en Galicia.

O Coro está formado por uns 30 cantores e dirixida por Esperanza Iglesias Méndez, no breve espazo de tempo transcorrido, a nosa formación procurou manterse activa na programación de concertos vinculados a Escola Municipal de Música, en Festivais Solidarios a favor de ONGs, participando en intercambios con outras corais da Comunidade de Galicia (Coro da Asociación de Amigos do Camiño de Santiago, de Lugo, Coral de Salceda, de Pontevedra, Coral de Chantada...) e outros eventos culturais como os concertos celebrados na Casa-Museo de Manuel María en Outeiro de Rei (Lugo), Museo Provincial de Lugo e a entrega do Grelo de Ouro nas súas últimas edicións, no Paraninfo da Facultade de Historia de Santiago de Compostela.

Na actualidade, segue avanzando na ampliación do seu repertorio, que abarca dende a música tradicional galega ata partituras de música antiga española e zarzuela.